

Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2021

Informe técnico



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROGRAMAS DE CONTROL DE RISCOS AMBIENTAIS PARA
A SAÚDE

Inés Mato Naveira

SERVIZO DE SANIDADE AMBIENTAL

Manuel Álvarez Cortiñas

María Fe Montero Torreiro

San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela

Tfno.: 881 542 955/881 542 953

Correo electrónico: servizo.sanidade.ambiental@sergas.es

Ano de publicación: 2022

Lugar de publicación: Santiago de Compostela

Imaxe de portada: Praia da Ornanda (Porto do Son)

Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2021

Informe técnico

CONSELLERÍA DE SANIDADE

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

A auga é un recurso natural escaso, polo que debemos protexer a súa calidade, especialmente no caso das augas superficiais, xa que son recursos renovables cunha capacidade limitada de recuperación ante os impactos negativos da actividade humana.

O uso recreativo das augas de baño non está exento de perigos e riscos para a saúde das persoas usuarias. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen nas augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas é enorme debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño no período estival, xa sexan marítimas ou continentais.

Por este motivo, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño* que, con carácter autonómico, vén funcionando na nosa comunidade dende mediados da década dos oitenta.

Neste sentido, considérase prioritaria a difusión de información suficiente e oportuna sobre a calidade das zonas de baño. Entre as actividades de difusión elabórase esta publicación como resultado do desenvolvemento do *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia* no ano 2021.

Finalmente, quero expresar o meu agradecemento ao corpo de farmacéuticos e farmacéuticas inspectores de saúde pública, aos profesionais das seccións de Sanidade Ambiental das xefaturas territoriais de Sanidade, ao persoal do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, así como a todos aqueles profesionais que interviñeron no desenvolvemento do programa. Sen a súa colaboración e disposición non se faría posible a publicación deste informe.

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

Resumo

A vixilancia sanitaria das zonas de baño é importante, porque o uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde das persoas usuarias. A contaminación bacteriana destas pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado, debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño.

Por outra parte, a proliferación masiva de cianobacterias, coñecidas como algas verdeazuladas, tamén pode presentar riscos para a saúde das persoas usuarias nalgunhas zonas de baño da nosa comunidade, polo que realizar o seguimento resulta de grande importancia para previr efectos nocivos na saúde a curto e a longo prazo. Na presente tempada houbo alerta por este motivo en 3 zonas de baño: Portoquintela e O Corgo-A Rola no encoro das Conchas e Prada no encoro dos Franceses.

Por estes motivos, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP), executa o *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño*. Neste programa elabórase un censo oficial de zonas de baño para cada tempada. No censo oficial da tempada 2021, figuran un total de 489 zonas de baño, con 506 puntos de mostraxe que se atopan en 114 concellos da comunidade autónoma galega.

A vixilancia sanitaria das zonas de baño establécese mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo. Recóllense en total 10 mostras de cada zona de baño, unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta, cunha periodicidade aproximadamente quincenal. A tempada de baño establécese, de maneira xenérica, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro. Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos de enterococos intestinais e *Escherichia coli*.

Leváronse a cabo o 96,5% das inspeccións programadas das zonas de baño en vixilancia sanitaria e realizáronse o 99,6 % dos controis programados. Non se realizaron o 100% das

inspeccións e controis programados, xa que o acceso a dúas zonas de baño de Lugo estivo pechado temporalmente. O 100 % dos episodios de contaminación foron comunicados aos concellos implicados.

Dos 506 puntos de mostraxe das zonas de baño incluídas no censo oficial, o 91,9 % obtiveron unha clasificación sanitaria excelente, o 6,3 % obtiveron unha clasificación boa, o 1,2 % unha clasificación suficiente e o 0,6 % unha clasificación insuficiente.

Segundo a lexislación vixente, as autoridades competentes aplicarán as medidas necesarias para que todas as augas de baño sexan de calidade polo menos suficiente. Cando unha auga de baño sexa cualificada como insuficiente, a autoridade competente velará para que se adopten medidas de xestión axeitadas, que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste para evitar a exposición de bañistas á contaminación; a determinación das causas e motivos polos que non se acadou clasificación suficiente; a previsión, redución ou eliminación destas causas, e, ademais, a comunicación á poboación desta información. Por estes motivos, cómpre que os concellos fomenten urxentemente o establecemento de actuacións para mellorar a calidade da auga das zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente.

Vistos os resultados obtidos en tempadas anteriores, obsérvase unha clara tendencia á mellora na calidade das augas de baño, que se manteñen nesta tempada ao aumentar a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e seguir en niveis mínimos aquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

Desde o inicio da tempada, informouse da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes na nosa páxina web: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Praias>. Os valores das determinacións de parámetros microbiolóxicos tamén foron introducidos no Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade), que toda a poboación pode consultar a través do acceso ao cidadán. A clasificación sanitaria final de cada zona de baño publícase tamén na páxina web da dirección xeral. Deste xeito, facilítase que todos as persoas usuarias das

zonas de baño teñan información suficiente e facilmente dispoñible sobre a calidade das augas de baño.

Durante a tempada de baño identificáronse verteduras en 40 zonas de baño, a maioría delas foron comunicadas aos concellos e aos organismos de bacía e recibíuse resposta das actuacións realizadas nun 92% dos casos.

Inspeccionáronse o 92% das zonas de baño para comprobar o cumprimento da normativa sanitaria de prevención da COVID-19. Observáronse deficiencias no 47,7% dos casos, sendo as máis frecuentes a ausencia de exposición da capacidade máxima e medidas de prevención e as relacionadas coas limitacións de acceso e capacidade máxima permitida. Detectáronse incumprimentos no 39,7% dos casos, sendo os máis comúns a ausencia de papeleiras á disposición do público e as non conformidades en relación ao xel hidroalcohólico en aseos e vestiarios.

Índice

1. Introducción.....	12
2. Obxectivos.....	13
2.1. Xeral.....	13
2.2. Específicos.....	13
3. Material e métodos.....	13
3.1. Elaboración do censo oficial de zonas de baño.....	13
3.2. Mostraxe.....	14
3.3. Análise das mostras, xestión e difusión dos resultados obtidos.....	14
3.4. Cálculo da clasificación sanitaria final das augas de baño.....	15
4. Resultados.....	16
4.1. Censo oficial das zonas de baño.....	16
4.2. Avaliación do cumprimento do programa.....	18
4.3. Clasificación sanitaria final das zonas de baño.....	22
4.4. Zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente.....	25
4.5. Praias con prohibición permanente de baño.....	25
4.6. Comparación cos resultados obtidos nas tempadas anteriores.....	25
4.7. Proliferación de cianobacterias.....	28
4.8. Zonas de baño controladas que non figuran no censo oficial de zonas de baño.....	32
4.9. Tipos de residuos na auga e na area.....	33
4.10. Verteduras nas zonas de baño.....	34
4.11. Vixilancia das restricións pola pandemia COVID-19 nas zonas de baño.....	34
5. Conclusións.....	36
6. Referencias legislativas e bibliográficas.....	38
6.1. Referencias legislativas.....	38
6.2. Referencias bibliográficas.....	39

Anexos

- Anexo I. Altas e baixas no censo oficial de zonas de baño
- Anexo II. Clasificación sanitaria das zonas de baño
- Anexo III. Zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente
- Anexo IV. Praias con prohibición permanente de baño
- Anexo V. Zonas de baño controladas que non figuran no censo oficial

Táboas

1. Técnicas empregadas polo LSPG para a determinación dos parámetros microbiolóxicos analizados.....	15
2. Criterios para o cálculo da clasificación das zonas de baño segundo a Directiva 2006/7/CE.....	16
3. Distribución das zonas de baño marítimas e continentais da tempada 2021.....	18
4. Grao de cumprimento do programa de zonas de baño en cada provincia e total(%).....	21
5. Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por provincias e tipo de auga.....	22
6. Zonas de baño nas que se realizou seguimento de cianobacterias.....	29
7. Datas dos controis de cianobacterias realizados no encoro das Conchas.....	30
8. Tipos de residuos na auga e na area atopados nas inspeccións e nas mostraxes das zonas de baño e número de controis onde se atoparon estes residuos.....	33
9. Actuacións sobre verteduras detectadas nas zonas de baño.....	34
10. Incumprimentos e deficiencias atopadas nas inspeccións para prevención da COVID-19 nas zonas de baño.....	36
11. Actuacións das XTS para a prevención da COVID-19 nas zonas de baño.....	36

Figuras

1. Distribución das zonas de baño marítimas e continentais da tempada 2021.....	18
2. Clasificación sanitaria xeral das zonas de baño de Galicia na tempada 2021.....	23
3. Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por provincias na tempada 2021.....	23
4. Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por tipo de auga na tempada 2021.....	24
5. Comparación da clasificación sanitaria das zonas de baño obtida nas tempadas 2011-2021 en Galicia.....	26
6. Comparación da clasificación sanitaria das zonas de baño obtida nas tempadas 2011-2021 agrupada por provincias.....	27
7. Seguimento de cianobacterias nas zonas de baño de Portoquintela e O Corgo-A Rola na tempada 2021.....	30
8. Inspeccións realizadas para a prevención da COVID-19 nas zonas de baño na tempada 2021.....	35

Abreviaturas

CE	Comisión Europea
cél	célula
CHMS	Confederación Hidrográfica Miño-Sil
COVID	Enfermidade causada por coronavirus
DST	Tecnoloxía de substrato definido
DXSP	Dirección Xeral de Saúde Pública
FISP	Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública
L	litro
LSPG	Laboratorio de Saúde Pública de Galicia
mg	miligramo
mL	mililitro
MS	Ministerio de Sanidade
Nº	número
NÁYADE	Sistema de Información Nacional de Augas de Baño
NMP	Número máis probable
OMS	Organización Mundial da Saúde
PM	Punto de mostraxe
SA	Sociedade anónima
XTS	Xefatura territorial de Sanidade
Vol.	Volume
ZB	Zona de baño

1. Introducción

As augas de baño defínense como calquera elemento de augas superficiais onde se prevexa que poida bañarse un número importante de persoas, onde exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño, no que non haxa unha prohibición permanente de baño, nin se formulase unha recomendación permanente de absterse deste e onde non haxa perigo obxectivo para o público.

O uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde das persoas usuarias. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado, debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño no período estival, xa sexan marítimas ou continentais.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece a obriga das administracións públicas sanitarias de orientaren as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades. A citada lei indica que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde serán sometidos a control por parte das administracións públicas. Unha destas actividades é o uso recreativo da auga, en concreto das zonas de augas de baño naturais.

Así mesmo, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, tamén inclúe na prestación de saúde pública o establecemento de estándares de produción e medidas de protección da saúde fronte a riscos medioambientais, como os derivados do uso das zonas de baño.

Coa aprobación da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e da normativa estatal que a desenvolve, o Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, actualízase o marco regulamentario nesta materia, que inclúe novidades de carácter científico e técnico, entre as que cómpre salientar un novo sistema de cálculo da clasificación sanitaria das augas de baño.

Por estes motivos, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP), executa o *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño* que, con carácter autonómico, funciona na nosa comunidade desde mediados da década dos oitenta. Neste programa considérase prioritaria a difusión a todas as partes interesadas de información suficiente e oportuna sobre a calidade das zonas de baño.

2. Obxectivos

2.1. Xeral

Minimizar os riscos de contraer enfermidades ao bañarse nas augas marítimas ou continentais.

2.2. Específicos

- Vixiar e clasificar as augas das zonas de baño censadas.
- Identificar os problemas de proliferación de cianobacterias que supoñan un risco para bañistas e informar o público se é o caso.
- Facilitar que todas as persoas usuarias das zonas de baño dispoñan de información sobre a calidade microbiolóxica das augas durante a tempada de baño.
- Informar as entidades con responsabilidade na súa xestión sobre as condicións das augas de baño.
- Identificar as verteduras que poidan supoñer unha deterioración da salubridade das zonas de baño.
- Comprobar o cumprimento das medidas preventivas da COVID-19 nas zonas de baño.

3. Material e métodos

3.1. Elaboración do censo oficial de zonas de baño

No mes de marzo, incorporouse ao Náyade o censo de praias actualizado tendo en conta as altas e as baixas de zonas de baño e o calendario de control destas para que o Ministerio de Sanidade (MS) llo notificase á Comisión Europea. Deste xeito, estableceuse o censo oficial de zonas de baño para a tempada 2021.

3.2. Mostraxe

O control sanitario das zonas de baño levouse a cabo mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño, realizada a través dunha encomenda de xestión pola empresa pública *TRAGSATEC, Tecnología y Servicios Agrarios SA*, segundo o calendario de control establecido.

Con carácter xeral, a presente tempada de baño foi do 1 de xuño ata o 30 de outubro e recolléronse un total de 10 mostras en cada zona de baño, unha mostraxe realízase antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta, cunha periodicidade aproximadamente quincenal.

Este ano tivemos dúas excepcións a esta periodicidade:

- As zonas de baño sitas nas Illas Cíes e Ons nas que, ao seren consideradas zonas con limitación xeográfica especial, a tempada de baño se estableceu desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro e recolléronse sete mostras (seis na tempada e unha antes do inicio da mesma).
- A zona de baño de Ourense Río Rabal do concello de Chandrexa de Queixa, na que a tempada de baño foi inferior a 8 semanas (desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro) e recolléronse cinco mostras.

A mostraxe realizouse seguindo o indicado na lexislación vixente e o transporte das mostras ata o laboratorio lévase a cabo en neveiras refrixeradas.

3.3. Análise das mostras, xestión e difusión dos resultados obtidos

No Laboratorio de Saúde Pública de Galicia (LSPG) determináronse os parámetros microbiolóxicos de enterococos intestinais e *Escherichia coli* de forma rutineira (parámetros que deben ser controlados analiticamente segundo a lexislación vixente). Ademais, no momento da mostraxe determinouse o pH, a temperatura e o resto dos parámetros controláronse de xeito visual. Na táboa 1 figuran as técnicas empregadas para os parámetros microbiolóxicos.

Táboa 1. Técnicas empregadas polo LSPG para a determinación dos parámetros microbiolóxicos analizados

Parámetro	Método de análise	Unidades
Enterococo intestinal	Número máis probable, baseado na tecnoloxía DST	NMP/100 mL
<i>Escherichia coli</i>	UNE EN ISO 9308-2	NMP/100 mL

Logo de obter os resultados analíticos das mostras recollidas, o LSPG introduciunos na súa aplicación informática e o persoal do Servizo de Control de Riscos Ambientais das xefaturas territoriais de Sanidade (XTS) ou do corpo de farmacéuticos inspectores de saúde pública (FISP) validou os resultados na aplicación informática Herme.

Os datos de cada mostraxe foron publicados periodicamente na páxina web da DXSP, onde tamén se pode consultar a clasificación sanitaria final de cada zona de baño unha vez rematada a tempada: (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Clasificacion-sanitaria-2021>). Esta información tamén está dispoñible accedendo ao mapa de zonas de baño de Galicia que a DXSP mantén actualizado na Internet na seguinte ligazón:

https://extranet.sergas.es/zonabaweb/ZONABA_GIS_WEB/Mapa.aspx?IdPaxina=62539

Así mesmo, ao final da tempada, os resultados microbiolóxicos das mostras analizadas foron introducidos no Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade) mediante ficheiros de intercambio. Estes resultados poden consultarse na páxina web do Náyade a través do acceso ao cidadán: (<https://nayadeciudadano.sanidad.gob.es/>).

3.4. Cálculo da clasificación sanitaria final das augas de baño

A Directiva 2006/7/CE establece un sistema de cálculo que ten en conta os datos dos controis das catro últimas tempadas.

O sistema de cálculo consiste na avaliación do percentil da función normal de densidade de probabilidade (log10) dos datos microbiolóxicos obtidos nunhas augas de baño determinadas.

Dedúcese o valor do percentil da seguinte maneira:

- i) Tómase o valor log₁₀ de todas as enumeracións bacterianas da secuencia de datos avaliada, incluído os resultados dos controis previos.
- ii) Calcúlase a media aritmética dos valores log₁₀ (μ).
- iii) Calcúlase a desviación típica (mostral) dos valores log₁₀ (σ).

O punto superior do percentil 90 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación: punto superior do percentil 90 = antilog ($\mu + 1,282 \sigma$).

O punto superior do percentil 95 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación: punto superior do percentil 95 = antilog ($\mu + 1,65 \sigma$).

Unha vez calculados os percentís 90 e 95 para cada parámetro, establécese a calidade excelente, boa, suficiente ou insuficiente segundo os valores que se indican na táboa 2.

Táboa 2. Criterios para o cálculo da clasificación das zonas de baño segundo a Directiva 2006/7/CE

Parámetro	Clasificación das augas marítimas			Clasificación das augas continentais		
	Excelente	Boa	Suficiente	Excelente	Boa	Suficiente
	Enterococos intestinais	100 (*)	200 (*)	185 (**)	200 (*)	400 (*)
<i>Escherichia coli</i>	250 (*)	500 (*)	500 (**)	500 (*)	1000 (*)	900 (**)

(*) De acordo coa avaliación do percentil 95

(**) De acordo coa avaliación do percentil 90

4. Resultados

4.1. Censo oficial das zonas de baño

No ano 2020 Galicia foi a comunidade autónoma española con maior número de puntos de mostraxe censados, cun 22,6 % do total de España, seguida de Andalucía, Cataluña e a Comunidade Valenciana cun 16,6 %, un 11,9 % e un 11,8 %, respectivamente.

Dentro da Unión Europea, o 10,2 % das zonas de baño censadas son españolas e o 2,3 % son galegas. Italia, con 5.520 zonas de baño censadas, seguido de Francia, con 3.328, Alemaña, con 2.304, e despois España, con 2.239, son os países con maior número de zonas de baño (datos do ano 2020).

No censo oficial da tempada 2021 figuran un total de 489 zonas de baño, con 506 puntos de mostraxe que se atopan en 114 concellos da comunidade autónoma galega. Dos 506 puntos de mostraxe, 441 pertencen a zonas de baño marítimas (87,0 %) e 65 a zonas de baño continentais (13,0 %).

Se comparamos o censo oficial desta tempada co censo oficial da tempada 2020, hai dúas zonas de baño novas, ambas as dúas continentais:

- As piscinas fluviais da Louxeira, no concello de Carballeda de Valdeorras (provincia de Ourense).
- A praia do Río Lárez, no concello de Pontevedra (provincia de Pontevedra).

Por outra banda, elimináronse do censo tres zonas de baño, todas elas continentais, nas que se instou ao concello a sinalizalas con prohibición permanente do baño:

- A denominada Río Parga (no concello de Guitiriz, Lugo), seguindo o criterio indicado polo MS por obter clasificación sanitaria insuficiente durante cinco tempadas de baño consecutivas.
- As zonas de baño Río Eume-As Pontes (no concello das Pontes de García Rodríguez, A Coruña) e Río Sarria-O Chanto (no concello de Sarria, Lugo), por petición do concello correspondente.

As altas e as baixas no censo oficial de zonas de baño poden consultarse no anexo I.

Na táboa 3 e na figura 1 obsérvanse as distribucións das zonas de baño marítimas e continentais en relación co número de concellos, zonas de baño e puntos de mostraxe nas diferentes provincias.

Táboa 3. Distribución das zonas de baño marítimas e continentais da tempada 2021

Provincia	Tipo de zona de baño	Concellos	Zonas de baño	Puntos de mostraxe
A Coruña	Marítimas	38	203	213
	Continentais	8	9	10
Lugo	Marítimas	8	44	45
	Continentais	12	12	12
Ourense	Continentais	16	20	20
Pontevedra	Marítimas	18	178	183
	Continentais	14	23	23
		114	489	506




Figura 1. Distribución das zonas de baño marítimas e continentais da tempada 2021

4.2. Avaliación do cumprimento do programa

Para medir o grao de cumprimento do programa, calculáronse os seguintes indicadores:

1) Comunicación de episodios de contaminación aos concellos (ICC)

$$ICC = \frac{\text{N.º comunicacións aos concellos por episodios de contaminación}}{\text{N.º episodios de contaminación}} \times 100$$

2) Comunicación aos concellos por sinalización incorrecta ou ausencia desta (ICS)

$$ICS = \frac{\text{N.º comunicacións aos concellos por sinalización incorrecta ou ausencia desta}}{\text{N.º mostraxes e inspeccións nas que se detectou sinalización incorrecta ou ausencia desta}} \times 100$$

3) Comunicación aos concellos por sinalización incorrecta ou ausencia desta nas zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente (ICI)

$$ICI = \frac{\text{N.º comunicacións aos concellos por sinalización incorrecta ou ausencia desta nas zonas de baño con CS insuficiente}}{\text{N.º mostraxes e inspeccións nas que se detectou sinalización incorrecta ou ausencia desta nas zonas de baño con CS insuficiente}} \times 100$$

4) Sinalización das praias con prohibición permanente de baño (ISP)

$$ISP = \frac{\text{N.º praias con prohibición permanente de baño correctamente sinalizadas na visita de inspección}}{\text{N.º total de praias con prohibición permanente de baño}} \times 100$$

5) Inspección (II)

$$II = \frac{\text{N.º inspeccións programadas realizadas}}{\text{N.º inspeccións programadas}} \times 100$$

Son inspeccións programadas as realizadas ás zonas de baño incluídas no programa de vixilancia, tanto as incluídas no censo oficial, como aquelas sometidas á avaliación para a

súa inclusión e as que están con prohibición permanente do baño.

6) Resultado da inspección (IRI)

$$\text{IRI} = \frac{\text{N.º puntos de mostraxe con incumprimentos}}{\text{N.º total de puntos de mostraxe inspeccionados}} \times 100$$

7) Mostraxe (IM)

$$\text{IM} = \frac{\text{N.º mostraxes realizadas (das planificadas)}}{\text{N.º mostraxes planificadas}} \times 100$$

8) Análise (IA)

$$\text{IA} = \frac{\text{N.º análises realizadas}}{\text{N.º mostraxes recibidas}} \times 100$$

9) Repetición da mostraxe cando existe contaminación (IR)

$$\text{IR} = \frac{\text{N.º controis repetidos por contaminación}}{\text{N.º episodios de contaminación}} \times 100$$

Neste índice non se teñen en conta os episodios de contaminación nas zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente nin en avaliación.

Leváronse a cabo o 96,5% das inspeccións programadas das zonas de baño en vixilancia sanitaria e detectáronse incumprimentos no 43% dos casos. En relación coas non conformidades por sinalización incorrecta ou ausencia desta nas zonas de baño, comunicáronse aos concellos o 93,1% delas, mentres que no caso das de clasificación sanitaria insuficiente fíxose no 100% dos casos. Ademais detectouse que só o 50% das praias con prohibición permanente do baño estaban correctamente sinalizadas; nestes

casos as xefaturas territoriais comunicaron este feito ao concello correspondente.

O cumprimento de programa foi totalmente satisfactorio, xa que se realizaron o 99,6 % dos controis programados e os episodios de contaminación lles foron comunicados aos concellos no 100 % dos casos. Na táboa 4 amósanse os resultados do cumprimento do programa de vixilancia:

Táboa 4. Grao de cumprimento do programa de zonas de baño en cada provincia e total (%)

Índice	Provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
ICC	100	100	100	100	100
ICS	100	100	100	56,7	93,1
ICI	100	100	-	100	100
ISP	50	50	50	-	50
II	96,7	95,5*	100	96,2	96,5
IRI	31,9	43,7	26,9	57,3	43,0
IM	100	97,0*	100	100	99,6*
IA	100	97,0*	100	100	99,6*
IR	100	100	100	100	100

*Na provincia de Lugo houbo 2 das 67 inspeccións programadas e 19 das 630 mostras planificadas que non se puideron recoller, por estar pechados temporalmente os accesos na praia de Sacido, no concello de Viveiro, durante toda a tempada, e na de San Bartolo, no concello de Barreiros, a partir do control 1.

A pesar de que non se cumpriu o programado, porque non se puideron recoller estas mostras, e por tanto tampouco analízalas (por estar pechados temporalmente os accesos), considérase axeitado o grao de cumprimento do programa, porque foi por causas sobrevidas alleas á consellería.

4.3. Clasificación sanitaria final das zonas de baño

A clasificación sanitaria e as estatísticas calcúlanse cos puntos de mostraxe. Dos 506 puntos de mostraxe das zonas de baño incluídas no censo oficial, o 91,9 % obtivo unha clasificación sanitaria excelente, o 6,3 % destes obtiveron unha clasificación boa, o 1,2 % unha clasificación suficiente e o 0,6 % unha clasificación insuficiente. Estes resultados resúmense na táboa 5 e nas figuras 2, 3 e 4.

A clasificación sanitaria das augas de todos os puntos de mostraxe pode consultarse no anexo II e tamén no mapa de zonas de baño de Galicia que a DXSP mantén actualizado na Internet accedendo á seguinte ligazón:

https://extranet.sergas.es/zonabaweb/ZONABA_GIS_WEB/Mapa.aspx?IdPaxina=62539

Esta información e os resultados microbiolóxicos de cada zona de baño utilizados para o cálculo desta clasificación publícanse na páxina web da dirección xeral xunto con este informe: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Datos-praias-2008-2021>

Táboa 5. Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por provincias e tipo de auga

Clasificación sanitaria	Número de puntos de mostraxe							Total	%
	A Coruña		Lugo		Ourense	Pontevedra			
	Marítima	Continental	Marítima	Continental	Continental	Marítima	Continental		
Excelente	204	5	41	7	16	178	14	465	91,9
Boa	7	4	3	5	3	5	5	32	6,3
Suficiente	2	0	1	0	1	0	2	6	1,2
Insuficiente	0	1	0	0	0	0	2	3	0,6
Total	213	10	45	12	20	183	23	506	100




Figura 2. Clasificación sanitaria xeral das zonas de baño de Galicia na tempada 2021




Figura 3. Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por provincias na tempada 2021

Na análise dos resultados obtidos da clasificación sanitaria das zonas de baño por provincias, que se mostra na figura 3, obsérvase que nas provincias da Coruña e Pontevedra a porcentaxe de puntos de mostraxe que acadan unha clasificación sanitaria excelente supera o 90 %, pero nas provincias de Lugo e Ourense este dato rolda o 80 %. Isto débese a que hai maior porcentaxe de zonas de baño continentais na provincia de Lugo ou unicamente continentais no caso de Ourense. Neste tipo de zonas son nas que se detecta unha calidade da auga máis baixa en comparación coa calidade das augas marítimas. Pódese ver de maneira gráfica na figura 4:




Figura 4. Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por tipo de auga na tempada 2021

Máis do 95% das zonas de baño marítimas do censo oficial de Galicia teñen unha clasificación sanitaria excelente fronte ao case 65 % que acadan esta clasificación nas zonas de baño continentais.

A pesar disto, en Galicia as zonas de baño con clasificación excelente ou boa supoñen o 98,2 % de todas as zonas de baño que forman parte do censo oficial, sendo un 99,3 % das augas marítimas as clasificadas como excelentes ou boas e un 90,8 % no caso das augas continentais.

4.4. Zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente

Na tempada de baño 2021, tres zonas de baño continentais obtiveron unha clasificación sanitaria insuficiente. No anexo III enuméranse estas zonas de baño. Este dato indica que para a tempada 2022 no 0,6 % dos puntos de mostraxe analizados se deberá prohibir o baño ou recomendar non facelo fronte ao 0,2 % da tempada anterior.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, indica que é a Administración local a competente no control sanitario do medio natural no seu ámbito territorial. Por outra banda, o artigo 4.4.b da Directiva 2006/7/CE indica que a avaliación da calidade das augas de baño podería efectuarse sobre a base dunha serie de datos relativos a menos de catro tempadas, se se produciron cambios que poidan afectar á clasificación sanitaria das augas de baño. Por todo isto, con carácter urxente, as administracións competentes deben adoptar as medidas necesarias para que mellore a calidade sanitaria das augas de baño, prioritariamente aquelas con clasificación insuficiente, co fin de que se modifique na seguinte tempada a súa clasificación sanitaria.

4.5. Praias con prohibición permanente de baño

Segundo a lexislación vixente, se as augas de baño son clasificadas como de calidade insuficiente durante cinco anos consecutivos, a autoridade competente disporá que se dite unha prohibición permanente do baño ou recomendación de absterse deste. Cando se dá esta circunstancia, a zona de baño non se axusta á definición de augas de baño descrita na lexislación, polo que debe eliminarse do censo oficial.

No anexo IV móstranse aquelas praias que tempada a tempada foron eliminadas do censo oficial por este motivo e nas que, polo tanto, existe prohibición permanente do baño.

4.6. Comparación cos resultados obtidos nas tempadas anteriores

Debido ao cambio no sistema de cálculo da clasificación sanitaria, soamente se poden comparar os resultados obtidos nesta tempada coas tempadas de baño posteriores a 2011.

Esta comparación móstrase nas figuras 5 e 6, nas que se observa que na tempada 2021 continúa a mellora na calidade das augas de baño. Esta tendencia xa se viña rexistrando tempada a tempada ao aumentar a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e seguir en niveis mínimos aquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

As causas desta melloría poden deberse, ao igual que ocorreu na tempada anterior, á repetición dos resultados anómalos tendo en conta o histórico da zona de baño naquelas praias con clasificación sanitaria excelente e boa, ademais da repetición de todas aquelas mostras con resultados superiores a 800 NMP/100 mL de *Escherichia coli* ou resultados superiores a 500 NMP/100 mL de enterococos intestinais, así como á eliminación do censo das praias con contaminacións reiteradas que levan á prohibición permanente do baño para protexer a saúde da poboación. Tamén contribuíron as medidas levadas a cabo polas autoridades competentes para mellorar a calidade das augas de baño.




Figura 5. Comparación da clasificación sanitaria das zonas de baño obtida nas tempadas 2011-2021 en Galicia




Figura 6. Comparación da clasificación sanitaria das zonas de baño obtida nas tempadas 2011-2021 agrupada por provincias

4.7. Proliferación de cianobacterias

O risco para a saúde humana derivado da exposición ás cianobacterias, tamén coñecidas como algas verdeazuladas, e ás súas toxinas durante o uso das augas de baño chega a través de tres potenciais vías de exposición:

- (1) A través da pel, por contacto directo das partes expostas do corpo (incluíndo áreas sensibles como os oídos, ollos, boca e gorxa) e das áreas cubertas polo traxe de baño onde as cianobacterias poden quedar retidas, romperse as células e liberar o seu contido tóxico provocando irritacións.
- (2) A través do consumo accidental de auga contaminada.
- (3) Mediante a inhalación de auga que conteña cianobacterias.

En relación cos problemas para a saúde deben diferenciarse, por unha banda aqueles síntomas principalmente irritativos causados por substancias cianobacterianas descoñecidas e, por outra, a actividade tóxica primaria sobre o fígado debido á exposición a altas concentracións de cianotoxinas coñecidas, concretamente ás microcistinas, que é o perigo máis potencialmente grave.

Os riscos da ingestión son particularmente altos para nenos que inxiren auga durante o baño e que xogan preto da acumulación das películas de cianobacterias.

Por este motivo, no ano 2012, estableceuse un protocolo de seguimento e actuacións cos organismos de bacía (Aguas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil) ante a posible aparición dunha floración de cianobacterias nos encoros nos que hai zonas de baño censadas.

No ano 2021, vixiáronse 10 zonas de baño do censo oficial, que aparecen recollidas na táboa 6:

Táboa 6. Zonas de baño nas que se realizou seguimento de cianobacterias

Provincia	Concello	Zona de baño	Masa de auga afectada
A Coruña	Valdoviño	Regato na ZB Vilarrube*	Encoro das Forcadas
Lugo	Cospeito	Xustás	Río Miño
	Chantada	Sangoñedo	Encoro de Sangoñedo
	O Saviñao	A Cova	Encoro dos Peares
	Bande	Portoquintela	Encoro das Conchas
Muíños	O Corgo- A Rola		
Ourense	Castrelo de Miño	Parque náutico	Encoro de Castrelo
	Chandrea de Queixa	Cardiego	Encoro de Cardiego
	A Veiga	Os Franceses	Encoro de Prada
Pontevedra	Ribadumia	Cabanelas	Encoro da Baxe

*Non se trata dunha zona de baño propiamente dita, senón dun regato que desemboca na ZB Vilarrube.

Durante a tempada de baño 2021, detectouse a proliferación masiva de cianobacterias, potenciais xeradoras de toxinas, en tres encoros. As actuacións realizadas dende a Consellería de Sanidade leváronse a cabo tendo en conta as recomendacións que fai a Organización Mundial da Saúde (OMS) ao respecto, en función dos niveis de cianobacterias detectados (n.º de células/mL) ou da concentración de clorofila a procedente de cianobacterias (mg/L), así como da presenza ou non de toxinas procedentes destas.

As zonas de baño do censo oficial que se viron afectadas por estes fenómenos foron O Corgo-A Rola, no termo municipal de Muíños, e Portoquintela, no concello de Bande, situadas no encoro das Conchas, ademais do regato procedente do encoro das Forcadas que desemboca na praia de Vilarrube, no concello de Valdoviño e da praia dos Franceses, no concello da Veiga e situada no encoro de Prada. Leváronse a cabo diferentes actuacións co fin de protexer a saúde das persoas usuarias, como intensificar a vixilancia e as mostraxes nas zonas de baño afectadas, informar as autoridades locais e a poboación dos riscos asociados, chegándose a recomendar absterse do baño e de realizar actividades acuáticas naqueles casos nos que se detectou toxina no encoro.

Por exemplo, no encoro das Conchas, pódense consultar as datas correspondentes a cada control (táboa 7).

Táboa 7. Datas dos controis de cianobacterias realizados no encoro das Conchas

Nº control	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Data	07/06/21	21/06/21	05/07/21	19/07/21	02/08/21	16/08/21	30/08/21	13/09/21	27/09/21

Na figura 7 móstranse os niveis de cianobacterias detectados ao longo desta tempada nas zonas de baño de Portoquintela e O Corgo-A Rola, no encoro das Conchas. Os datos de abundancia de cianobacterias (N.º cél/mL) foron proporcionados pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil e as análises de toxinas realizadas no LSPG.




Figura 7. Seguimento de cianobacterias nas zonas de baño de Portoquintela e O Corgo-A Rola na tempada 2021

Como se observa na gráfica, o encoro estivo en estado de alerta por proliferación masiva de cianobacterias a partir de mediados de xullo. A concentración de cianobacterias na zona de baño de Portoquintela superou as 20.000 cél/mL desde mediados de xullo (controis 4, 5 e 9) superando incluso as 100.000 cél/mL entre mediados de agosto e de setembro (controis 6, 7 e 8). Mentres tanto, na zona de baño do Corgo-A Rola, o valor de 20.000 cél/mL excedeuse nos controis 5 e 8 e o de 100.000 cél/mL nos controis 6, 7 e 9. Ademais, mentres se superaron estes niveis, houbo tamén presenza de toxina nas dúas zonas de baño.

Por outra banda, no regato procedente do encoro das Forcadas que desemboca na ZB Vilarrube, recolléronse 15 mostras entre xuño e setembro e detectáronse valores superiores ás 20.000 cél/mL en todas as análises de setembro. Ademais, houbo presenza de toxina a finais de xuño, na segunda quincena de xullo e durante todo o mes de setembro.

Con respecto á zona de baño dos Franceses, no encoro de Prada, recolléronse 7 mostras entre xullo e setembro, superáronse as 20.000 cél/mL nas análises do 2 e do 30 de agosto.

Nos tres casos, cando se deron as condicións citadas, pasouse de permitir o baño a prohibilo e de absterse de realizar ningún tipo de actividades acuáticas que implicasen o contacto directo coa auga do encoro.

No resto das zonas de baño analizadas que poden estar asociadas a encoros con propensión á proliferación de cianobacterias, a presenza destas algas verdeazuladas foi moi pouco significativa, sen representar en ningún caso risco de proliferación masiva nin, polo tanto, risco para a saúde.

4.8. Zonas de baño controladas que non figuran no censo oficial de zonas de baño

Cando un concello solicita a inclusión dunha nova zona de baño no censo oficial, as actuacións que se realizan dende a DXSP son: solicitar un informe das condicións da zona de baño á XTS correspondente, consultar o histórico de resultados microbiolóxicos da praia, se nalgún momento estivo incluída no *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño*, e solicitar informe ao órgano ambiental competente. Se o resultado destas actuacións é favorable, inclúese nos controis microbiolóxicos durante alomenos dúas tempadas para a súa avaliación, previa á inclusión da zona de baño no censo oficial.

Tras avaliar as 12 solicitudes recibidas na tempada de baño 2021, incluíronse no programa de vixilancia 10 novas zonas de baño para a súa avaliación. En total controláronse 22 zonas de baño que aínda non pertencen ao censo oficial.

Cinco delas, catro marítimas e unha continental, estiveron no pasado controladas, aínda que se eliminaron pola súa calidade insuficiente e agora os concellos achegan documentación relativa ás obras de mellora. Estas foron:

- Marítimas:
 - O Regueiro, no concello de Bergondo (A Coruña)
 - Peralto, no concello de Boiro (A Coruña)
 - Lires, no concello de Cee (A Coruña)
 - A Cabana, no concello de Ferrol (A Coruña)
- Continentais:
 - Río Neira, no concello de Baralla (Lugo)

Tamén houbo cinco novas zonas de baño, dúas continentais e tres marítimas, catro por petición do concello e unha de oficio. Estas foron:

- Marítimas:
 - Espiñeiro, no concello da Illa de Arousa (Pontevedra)
 - Carabuxeira e Pampaído, no concello de Sanxenxo (Pontevedra)

- Continentais:
 - Área Recreativa da Fervenza, no concello do Incio (Lugo)
 - A Praíña, no concello da Estrada (Pontevedra)

No anexo V enuméranse estas zonas de baño, que son controladas aínda que non se atopen no censo oficial, e os resultados da súa avaliación.

Cabe destacar que, se o resultado da avaliación destas zonas de baño non é satisfactorio, a zona de baño non se inclúe no censo oficial e valórase repetir a avaliación en tempadas posteriores, de xeito que permita ter un coñecemento máis concluínte sobre a calidade da súa auga.

4.9. Tipos de residuos na auga e na area

Na táboa 8 amósanse os tipos de residuos na auga e na area atopados durante as inspeccións e as mostraxes nas zonas de baño, tanto nas continentais como nas marítimas, así como o número de controis onde se atoparon estes residuos. Os residuos máis atopados na auga foron as algas en descomposición (824), os orgánicos (128) e os de caucho (103), mentres que na area os máis frecuentes foron as algas en descomposición (1114), madeiras (479) e plásticos (343).

Táboa 8. Tipos de residuos na auga e na area atopados nas inspeccións e nas mostraxes das zonas de baño e número de controis onde se atoparon estes residuos

Tipo de residuo	Na auga	Na area
Medusas	0	---
Substancias tensoactivas	10	---
Aceites minerais	0	---
Residuos alcatranados	1	5
Cristais	15	67
Plásticos	26	343
Residuos de caucho	103	88
Madeiras	23	479
Residuos orgánicos	128	98
Algas en descomposición	824	1114

4.10 Verteduras nas zonas de baño

Segundo o *Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia*, cando se detecta unha vertedura (ben durante a recollida de mostras ou ben durante a inspección), debe comunicarse este feito, ademais de ao concello, ao organismo de bacía correspondente (Augas de Galicia e/ou confederación hidrográfica). Na maioría dos casos (92%), recibíuse unha resposta nesta DXSP sobre as actuacións levadas a cabo.

Na táboa 9 descríbense as actuacións realizadas sobre as verteduras observadas nas zonas de baño:

Táboa 9. Actuacións sobre verteduras detectadas nas zonas de baño

Provincia	Organismo de bacía	Nº concellos con verteduras	Nº zonas de baño-PM con verteduras	Nº comunicacións de verteduras	Nº respostas recibidas ás comunicacións de verteduras
A Coruña	Augas de Galicia	14	21	21	21
Lugo	Augas de Galicia	3	4	4	4
	CHMS	2	2	2	0
Ourense	CHMS	2	2	1	0
Pontevedra	Augas de Galicia	7	11	9	9
Total		28	40	37	34

CHMS: Confederación Hidrográfica de Miño-Sil

4.11 Vixilancia das restricións pola pandemia COVID-19 nas zonas de baño

O persoal FISP fixo inspeccións de comprobación desta normativa de prevención da COVID-19. Inspeccionáronse o 92% das zonas de baño, observándose deficiencias no 47,7% dos casos e incumprimentos no 39,7%. Na figura 8 amósanse os resultados acadados:




Figura 8. Inspeccións realizadas para a prevención da COVID-19 nas zonas de baño na tempada 2021

Na táboa 10 expóñense os incumprimentos e deficiencias atopadas nas inspeccións. As deficiencias máis observadas foron a ausencia de exposición da capacidade máxima e medidas de prevención (69,5%), ademais das relacionadas coas limitacións de acceso e capacidade máxima permitida (11,7%) e co reforzo das tarefas de limpeza e desinfección (11,7%). En canto aos incumprimentos, o máis detectado foi a ausencia de papeleiras á disposición do público (21,8%), seguido de non conformidades en relación ao xel hidroalcohólico en aseos e vestiarios (13,4%) e ao reforzo das tarefas de limpeza e desinfección (11,7%).

Táboa 10. Incumprimentos e deficiencias atopadas nas inspeccións para prevención da COVID-19 nas zonas de baño

Ítem	% Deficiencias detectadas	% Incumprimentos detectados
Exposición da capacidade máxima e medidas de prevención	69,5	4,3
Limitacións de acceso e capacidade máxima permitida	11,7	0,6
Respecto da distancia seguridade interpersoal de 1,5 m	4,9	1,9
Uso correcto da máscara	7,4	2,9
Ventilación de espazos cubertos	2,7	0,2
Reforzo das tarefas de limpeza e desinfección	11,7	11,7
Produtos de limpeza e desinfección axeitados	9,1	2,1
Aseos e vestiarios: xel hidroalcohólico ou viricida autorizado	7,0	13,4
Papeleiras á disposición do público	4,3	21,8
Duchas, lavapés, aseos e vestiarios: uso e ocupación permitida	2,7	11,1

As XTS realizaron actuacións como consecuencia das non conformidades detectadas nas inspeccións. Na táboa 11 faise un resume das actuacións levadas a cabo:

Táboa 11. Actuacións das XTS para a prevención da COVID-19 nas zonas de baño

Provincia	Nº comunicacións a outras administracións	Nº requirimentos aos concellos	Nº expedientes sancionadores
A Coruña	0	165	0
Lugo	0	0	0
Ourense	0	13	0
Pontevedra	33	157	0
Total	33	335	0

5. Conclusións

